



Prácenos trasladarlle a convocatoria para a participación no programa AXENDA 21 ESCOLAR DE GALICIA, para o curso académico 2011-2012.

Este programa, promovido pola Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en colaboración coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, está dirixido a todos os centros educativos de Galicia.

O obxectivo desta iniciativa é impulsar a innovación educativa reforzando a participación e a responsabilidade do alumnado na sostibilidade do centro e do seu contorno, a través da realización dun proxecto contemplado nas programacións de aula e de centro onde se desenvolven as competencias básicas de acordo coa Lei Orgánica de Educación 2/2006.

Considerando a potencialidade deste programa, solicitámoslle dea a máxima difusión a esta convocatoria entre o profesorado do seu claustro docente, e lle animamos a participar no mesmo.

Aprezando a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela a 15 de setembro de 2011

O DIRECTOR XERAL DE
 SOSTIBILIDADE E PAISAXE

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN,
 FORMACIÓN PROFESIONAL E
 INNOVACIÓN EDUCATIVA



[Handwritten signature of Manuel Borobio Sanchiz]

Asdo.: Manuel Borobio Sanchiz



[Handwritten signature of José Luis Mira Lema]

Asdo.: José Luis Mira Lema

Sr./Sra. Director/Directora do Instituto de Educación Secundaria
 Sr./Sra. Director/Directora do Centro de Educación Infantil e Primaria